

## Crise

“-Paréceche demasiado ou prefires seguir a queimarme viva?

Estaba ante el, sentindo tristeza e rabia. Nunca pensara que sería capaz de facerlle iso. Pero quizais ela o merecía. Na súa cara miraba desconcerto. Por suposto el non entendera a que se refería, nunca se daba conta de nada, así era a súa parella. Ultimamente, máis que parella, poderíase dicir que era un simple compañeiro de piso ao que só miraba de cando en vez e co que intercambiaba tan poucas palabras que se poderían contar cos dedos dunha man. Levaban tanto tempo así que o final da relación era obvio. De súpeto, veu que el ía contestar a súa pregunta...”

Que sono lle estaba entrando! Non aguantaba máis lendo ese libro tan raro que ademais tiña unha popularidade coa que ela non coincidía. E así pechou un libro que non volvería abrir xamais.

Lucía Fernández Gándara 4ºA